

:: CONVERSAS CONTEMPORÁNEAS

Xosé Neira Vilas escritor

Xosé Neira Vilas (Gres, Vila de Cruces, 1928) emigrou en 1949 a Buenos Aires. Aí e noutras xeografías da emigración, toma conciencia coa identidade de Galicia. Desenvolve un intenso activismo cultural galego: secretario xeral das Mocidades Galeguistas e codirector do xornal *Adiante*. Participa na comisión organizadora do Primeiro Congreso da Emigración galega. Casa en 1957 con Anisia Miranda, escritora cubana. Xuntos fundan a organización libreiro-editorial *Follas Novas* para difundir o libro galego en América. En 1960 publica o poemario *Dende lonxe*, e en 1961 *Memorias dun neno labrego*. No mesmo 61 do século pasado, Neira e a súa dona vanse establecer en Cuba; alí, canda Anisia, traballa na Administración e fai xornalismo literario. Dende 1983, ata que se xubilou, desenvolveu os labores de redactor-xefe en distintas publicacións de Arxentina e Cuba. Na Arxentina e Cuba fixo investigacións sobre a presenza da emigración galega neses e noutros países de América. Hoxe en día reside en Gres, onde preside a Fundación Cultural Neira Vilas. Foi investido Doutor Honoris Causa pola Universidade da Coruña e é membro numerario da Real Academia Galega da Lingua.

Poderías explicar, ao teu ver e sentir, a diferenza entre emigrado e exiliado?

Exiliado é o que se despraza por razóns políticas. Na recente historia de España utilízase esta denominación sobre todo en canto á chamada Guerra Civil (1936-39). Moitos tiveron que fuxir para salvar a vida. Non era o meu caso. Cando comezou a guerra eu tiña oito anos. Na aldea galega onde nacín e me criei non se oían os ecos da batalla pero si chegaban as noticias dos “caídos por la patria”, e vin veciños que foron arrincados das leiras para ir combater nunha contenda da que non entendían nada. Algúns non volveron. Eu era un emigrante, un dos tantos naquela riada que seguiu á Segunda Guerra Mundial. Un “emigrante económico”, inda que no meu caso había un matiz adicional: quería estudar, superarme. Só tiña o ensino primario e uns cursos de comercio por correo. Tentei traballar nunha cidade galega e estudar polas noites, pero non atopei ocupación. Fun para Buenos Aires e cumprín o meu soño.

‘Memorias dun neno labrego’, ‘Cartas a Lelo’, ‘Aqueles anos do Moncho’, ‘Querido Tomás’ e así, cal é a diferenza, a conexión, desconexión ou interrelación entre estes teus libros?

Teñen en común que o seu escenario é o mundo rural e a época –pouco máis ou menos entre 1940 e 1980–. Polo demais, no primeiro e no segundo trátase de rapaces que contan en primeira persoa. Balbino

“Escribo, poida que antes de nada, para facer idioma”



Xosé Neira Vilas é o creador de obras imprescindibles da literatura galega como 'Memorias dun neno labrego'

QUIXEN NO LIBRO DE RELATOS 'A MULLER DE FERRO' DENUNCIAR ALGUNHAS TARAS HUMANAS: INSOLIDARIEDADE, EGOÍSMO, FANATISMOS, DOMESTICACIÓN MENTAL, RUTINAS, ABUSOS, ETC.

por unha parte, coas súas “memorias” e Toño mediante cartas que lle escribe a Lelo, o seu compañeiro de andanzas que agora está emigrado cos pais en América. Moncho é un neno duns oito anos e conta un narrador como “viu” a guerra civil dende unha aldea de Galicia. E Sara, unha mestra solteira de preto de cincuenta anos láíase nun monólogo da ausencia de Tomás, o mozo que emigrou –posiblemente ó Brasil– e nunca máis soubo del.

A min sempre me pareceu que é a túa obra esencial é ‘A muller de ferro’. Breve, pero obra cumio da literatura galega. Cal é entón a túa opinión para esta miña pregunta?

Nunca é o autor o mellor opinante sobre o propio facer. Quixen neses

contos denunciar taras humanas: insolidariedade, egoísmo, fanatismos, domesticación mental, rutinas, abusos, etc. Incluso os nomes propios que aparecen teñen todos un significado simbólico. É toda unha alegoría sobre algúns aspectos do devir humano. Hai tamén rebeldía, protesta, inconformismo, expresados mediante a fábula. Para min foi algo experimental, tras a publicación doutros libros abertamente realistas. O experimento tamén serviu para abordar algúns temas eludindo a censura.

A respecto dos poemarios do exilio-emigración, era certa e aínda segue vixente a actitude –por exemplo– de Celso Emilio Ferreiro cando a ‘Viaxe ao País dos Ananos’, non tan dis-

tinta, en parte, ás páxinas –algunhas– de Luis Seoane cando o seu ‘Fardel do eisilado’?

Son obras moi distintas, como eran distintas as posicións dos dous autores respecto da emigración. Ten razón Celso –emigrante tardío– respecto dalgúns –por exemplo os “imbéciles e escuros que o botaron da Irmandade Galega de Caracas– pero non se poden meter nese mesmo saco a todos os transterrados. Seoane, que persoalmente criticaba o proceder de certos grupos, na súa obra (a mencionada e outras) trataba con respecto, comprensión e ata con agarimo ós que tiveran que deixar o eido natal. El vivira a emigración dende dentro, e tamén é certo que en liñas xerais non era o mesmo Arxentina que Venezuela neses anos. Polemizaron entre eles e Luis inda publicou logo o poemario *A maior abundamento*, neste caso sobre a emigración a Europa.

Este teu amigo, hai anos escribiu un breve ensaio, que supoño lerías, xa que foi publicado en ‘A Trabe de Ouro’: ‘Concordancias entre Tirano Banderas e Viaxe ao País dos anano’. Cres ti que entre un li-

O QUE ME PARECE
PARVO É QUE VEÑA
ALGUÉN AQUÍ
DEFENDENDO O
CASTELÁN “EN
PERIGO”

bro e outro existen esas interrelacións?

Son épocas diferentes, situacións diferentes, autores moi distintos, pero pódese dalgún xeito establecer unha interrelación entrambas as obras. A diferenza está en que Celso –referíndose exclusivamente a personaxes galegos– por unha banda xeneraliza pero no fondo refírese a persoas concretas. Seino porque mantiven entón correspondencia con el. O de Valle é outra cousa, mais non nego que se poden achegar afinidades.

Galicia Nación, é antagónica coa interpretación marxista da historia?

Estimo que non.

O bilingüismo é posíbel en Galicia; foi posíbel, ou e algo que non ten sentido?

Tería que estenderme moito para contestar cabalmente. Resumo: a nosa lingua propia é o galego. Pero Galicia forma parte do Estado español que ten outra lingua que estamos obrigados a coñecer e con frecuencia utilizar. É unha circunstancia histórica. E o bilingüismo é pouco máis ou menos unha realidade. O que me parece parvo é que veña alguén aquí defendendo o caste-

POR MANUEL VIDAL VILLAVERDE

lán “en perigo”, cando o que temos que defender é a lingua propia deste país, a lingua decantada polo noso pobo ó longo de oito séculos. Temos o deber de facelo, por respecto ós devanceiros. É unha riqueza que herdamos. O signo fundamental da nosa personalidade colectiva.

Ti cres que pode haber aquí un partido nacionalista de dereitas que non se entrega-se á idea hexemónica do nacionalismo español?

Talvez puidera habelo. Temos exemplos ben coñecidos.

A metáfora ou “fábula” de ‘Home e gato’, volvendo ao teu libro ‘A muller de ferro’, contrapunto daqueles gatos de Wenceslao Fernández Flórez cando ‘El bosque animado’, poderíase considerar unha peza marxista da literatura galega?

Non sei. Xa che dixen que o autor non é quen mellor pode interpretar ou clasificar o que escribe, e menos aínda cando dunha fabulación se trata.

Dende a túa emigración, que era e significaba para ti Galicia, ou se me permites, a Nación galega?

Descubro a significación de Galicia en Buenos Aires, en contacto con grandes mestres (Seoane, Dieste, Baltar, Picallo, Varela) e decántome de por vida e fervorosamente por esa patria que deixara tras o mar. Nas Mocedades Galeguistas tiñamos moi claro que pertenciamos a unha nación –con todos os seus atributos, colonizada. Podes ver os cinco números do noso periódico *Adiante*-. Estudo o meu país, ó tempo que me vou formando culturalmente. Isto cadra coa miña vocación literaria que comezo a tomar “en serio” e colaboro nas publicacións periódicas de Buenos Aires e Montevideo. Facemos sesións semanais de estudo a partir de *Sempre en Galiza*, de Castelao. Vivín 43 anos en América. Divulguei a idea nacional de Galicia e en todo ese tempo só escribin en lingua galega. Son un escritor unilingüe, por fidelidade ó meu pobo e á miña patria. Todo exercido sen estridencia, de xeito natural.

Na poesía, na túa poética, cal é a túa relación con ela, a parte do testemuñal?

Sempre escribín poesía, pero sen présa, levedando cada tema que vai aparecendo, xogando coas palabras que lle van dar feitío. Así foron saíndo algúns libros, o último *Dende Gres*, que é coma un retorno ós ancestrais, ó río, á paisaxe, os antepasados, un poemario íntimo en boa medida. Tituleino así porque o primeiro libro meu foi un caderno de versos que saíu en Buenos Aires titulado *Dende lonxe*.

Constrúes na actualidade



Neira Vilas defende a necesidade de varrer o complexo de inferioridade que aínda queda nas mentes dalgúns galegos respecto á súa lingua

DIVULGUEI A IDEA NACIONAL DE GALICIA E EN TODO ESE TEMPO SÓ ESCRIBÍN EN LINGUA GALEGA. SON UN ESCRITOR UNILINGÜE, POR FIDELIDADE Ó MEU POBO E Á MIÑA PATRIA. TODO EXERCIDO SEN ESTRIDENCIA, DE XEITO NATURAL

UN DÍA VIN QUE HABÍA MOITO QUE INVESTIGAR SOBRE A EMIGRACIÓN GALEGA A AMÉRICA E SUSPENDÍN A FICCIÓN PARA DEDICARME A INVESTIGAR, E SAÍRON ARTIGOS, LIBROS, ETC

outros poemarios próximos?

Poemarios, non. Poemas sempre vou escribindo algún. Parafraseando a José Martí diría que cada tanto vou “sacando da alma” algún, tras unha motivación que o arrinca de min.

E con respecto ao idioma. Cres posíbel a coexistencia de dúas linguas aquí en Galicia; ou ves unha ameaza de morte para o galego?

Temos que falar a nosa lingua, escribila, promovela, divulgala, facer que teña cada vez máis presenza no libro, nos medios de comunicación, na liturxia, no ensino, nas sinalizacións diversas, nas lápidas dos cemiterios, nos programas das festas, no etiquetado dos viños e doutros produtos, sobre todo de exportación, nas pólizas de seguros, na contabilidade das empresas –nestes campos xa se vén avanzando algo–, na xudicatura. Pero en primeiro lugar, que se fale, que se utilice dende a infancia. É un patrimonio que debemos conservar, e procurar varrer dalgunhas mentes o complexo de inferioridade que lles produce, a causa dun prexuízo herdado, a fermosa e antiga lingua do país. Máis alá diso, debemos coñecer tamén a lingua do Estado. E no posible outras, por suposto.

No ontolóxico; no relixioso, credo en xeral... Cal é túa a idea ou pensamento?

Todo isto son cousas que pertencen

á intimidade. De todos os xeitos, sen entrar en detalles, confésome un home solidario, humanista, que lle doen as mágoas do mundo, e que mentres uns o teñen todo outros langrean. Dóeme que morran millóns de nenos de enfermidades curables e de fame, e que se perdan intelixencias –o maior patrimonio humano– por falta de diñeiro para estudar. Dóeme que haxa millóns de persoas sen acceso á auga potable. Dóeme a situación palestina e dóeme a agresión a Iraq, con pretextos falsos e só na procura de petróleo, inda que sexa martirizando a todo un pobo. En fin, son tantas as eivas ...

“Algún día teremos unha comunidade ibérica de nacións”

Ensaio, novela, contos, poesía, xornalismo, historia... Cal é á canle na que mellor te atopas?

Góstame contar historias, fabular. Novelas, contos, por aí van as miñas preferencias, sen descoidar outros xéneros. Un día vin que había moito que investigar sobre a emigración galega a América e suspendín a ficción para dedicarme a investigar, e saíron artigos de prensa, libros, etcétera, revelando a nosa presenza naquel continente. Sentino como un deber. E alégrome de telo feito así.

Cales han ser as relacións de Galicia co Estado español?

Máis ou menos como veñen sendo dende que se votou a Constitución. Pero cada vez con máis poder, con máis transferencias. Pódese administrar mellor os recursos cando se goberna na propia casa. E algún día teremos un Estado federal, ou unha comunidade ibérica de nacións, como postulaba Oliveira Martins.

E posíbel que unha nación sobrevivira sen Estado de seu?

Si, é posible.

A lingua sobrevivirá malia os atrancos do solerte nacionalismo lingüístico español?

Confío en que si, por séculos. Mais, todo depende de nós. Quen a vai soste e manter a súa vixencia? En primeiro lugar os que a falen.

Cal é ou vai ser a túa obra esencial e definitiva. En que libro traballas agora?

Non sei cal será esa obra “esencial e definitiva”. Nada sei. Simplemente escribo. Escribo non só para contar unha historia, senon tamén e poida que antes que nada, para facer idioma. Traballo en varias cousas á vez e teño ideas, proxectos, como lles pasa a todos. Fago o que podoo, humildemente, dende a aldea onde nacín e á que volvíu tras unha longa aventura americana, que en parte contei e en parte prometo contar. Destes labores e destes proxectos é prematuro falar. O tempo dirá. ●